



artes  
no  
camiño

IV Encontro Musical con outras  
Artes arredor do Camiño de Santiago

# Taller de Luthería

II Encontro  
Do 6 ao 14 de agosto  
2008





# artes no camiño

## PROFESORADO

Xermán Arias, Luthier (Arxemil Luthería)

José Catoira, Luthier

## LUGAR DO TALLER

ARXEMIL LUTHERÍA

Rúa Marqués de Ugena 48, Sarria (Lugo)

Os alumnos deberán incorporarse ó Encontro na Vila de Sarria o día 6 de agosto ás 16:00 horas

## REQUISITOS

Poderá inscribirse calquera persoa interesada sen límite de idade e de calquera nacionalidade

A inscrición realizarase por un destes medios:

- Por **correo electrónico**, enviando os teus datos do formulario a [germaluth@terra.es](mailto:germaluth@terra.es)
- Por **teléfono**: 616-13.09.95

## MÁIS INFORMACIÓN

Se tes dúbidas poder chamar ó **659-23.80.03**

Para inscribirse: [www.artesnocamino.com](http://www.artesnocamino.com)

Para máis info: [festival@artesnocamino.com](mailto:festival@artesnocamino.com)



## ARTES NO CAMIÑO

### IV ENCONTRO MUSICAL CON OUTRAS ARTES ARREDOR DO CAMIÑO DE SANTIAGO

Podería dicirse que o termo «Encontro» é o que define con máis exactitude o **Festival Artes no Camiño** desde os seus comezos. Nace por ese desexo e coa intención de encontrarse nun punto os distintos camiños que o ser humano escolle para o desenvolvemento do que chamamos arte e cultura: música, teatro, danza, literatura ... O punto de partida para a **edición de 2008** é a xeografía da provincia de Lugo, nos lugares máis representativos das **tres rotas do Camiño de Santiago** (Camiño Francés, Primitivo e do Norte), coincidindo así, intencionadamente, co non menos importante encontro de peregrinos que atravesan estas rotas no seu camiño cara ao Santuario do Apóstolo.

Tres son os **contidos** que, como piares, sustentan este Encontro-Festival:

#### Artístico

O Festival das Artes é lugar de encontro de todas as propostas artísticas de agrupacións e personalidades do mundo da música, do teatro e da danza, facendo incursións noutras disciplinas como as artes plásticas e a literatura. Ademais das actividades das diversas disciplinas, créanse montaxes de «creación propia» como froito da unión das distintas artes e como demostración da relación de convivencia que existe no Encontro.

#### Educativo

Outro dos alicerces para a organización de **Artes no Camiño** é que fortalece este Encontro e a «**Actividade Educativa**» mediante a organización de talleres e cursos estables, enfocados a artistas novos galegos que estean realizando estudos en calquera disciplina das que presente o Encontro. Para iso realízase un traballo de selección polas principais institucións de educación artística de Galicia. O froito deste traballo expónse no «**Festival da Mocidade**», paralelo ao Festival das Artes; tamén se organizan talleres abertos das disciplinas artísticas propias do país. Da mesma maneira, conscientes da importancia e a influencia que poidan ter as Artes na infancia, organízanse talleres para nenos e nenas en consonancia coas Artes representadas no Encontro, estean ou non desenvolvendo na súa vida unha disciplina artística.

#### Social

Toda actividade artística leva implícita a comunicación e esta tennos que levar á integración. Pódese dicir que a **arte é a esencia do ser humano**, participando dela tanto o creador como o receptor. Por este motivo, na Arte deben participar todos os estamentos da sociedade, sen haber ningún tipo de discriminación social, debendo estar integradas todas as realidades sociais máis desfavorecidas, xa sexa pola súa situación física, psíquica ou de marxinação. **Artes no Camiño** aposta por esta integración, dando a todo tipo de realidades humanas a oportunidade de manifestarse e achegando esas actividades artísticas aos lugares a onde normalmente non chegan.

## CURRICULUM

**Xermán Arias** nace en Barbadelo, comeza a súa formación no taller de instrumentos musicais da Deputación de Lugo en 1986 baixo a dirección de Jesús e Luciano Pérez. Permanecerá no taller ata 1994, cando funda o seu propio obradoiro. Ademais do programa formativo teórico e práctico a estadia no taller permítelle tomar parte noutras actividades: cursos, congresos, exposicións, etc. que serán moi importantes no seu futuro profesional. No ano 1994 funda o seu propio taller en Sarria, oficialmente finaliza a súa formación na Deputación de Lugo e viaxa a Franza para traballar co luthier Cristiant Rault .A partir deste momento e ata a actualidade constrúe e repara instrumentos no seu taller. Ocasionalmente imparte cursos de construción de instrumentos:

- Cursos de construción de zanfona. (Sarria, 1997, 1998, 1999 )
- Cursos de construción de instrumentos medievais a xoves europeos organizados polo centro de cultura europea (Santiago, 2000)
- Curso de construción de instrumentos medievais a profesores de música, (Portugal, 2004)

**Jose Catoira** nace na Coruña en 1981

- 1999-2001 estancia na universidade popular de Vigo no taller de lutheria antiga , onde traballa baixo a dirección de Ramón Casal.
- 2003 cursos de lutheria con Chris Thorp en Londres. - 2005 Asistente de Xermán Arias no taller de Sarria
- 2006 ata hoxe cursos de construción e restauración de violins, violas e chelos na Newark Violin Making School, Inglaterra.
- 2008 curso intensivo de montaxe de violines e gambas con Marc Soubeyran en Ludl, Inglaterra.

## ORGANISTRUM

É un instrumento de música medieval empregado como acompañamento da música sacra, pertence ó grupo de instrumentos cordófonos frotados.

Dado o seu tamaño era tocado por dous músicos, evolucionando e dando lugar a outro instrumento emblemático da música medieval, a zanfona.

A iconografía representando a este instrumento é moi abundante en Europa, sen dúbida a o que se atopa no pórtico da gloria da catedral de Santiago e a mais fermosa e detallada de todas elas.

O organistrum é un dos primeiros instrumentos donde a mecánica ten unha grande importancia, o músico non toca directamente a corda, nen para producir o son, nen para interpretar a distintas notas.

Patrocinado por:



Organiza:

